



Cando Agader resolve a convocatoria asignaralle a cada GDR unha dotación financeira que poderá achegarse aos 4 ou 5 millóns de euros de fondos públicos de media para o conxunto dos seis anos. Tamén se lle asignan uns fondos adicionais para o funcionamento do GDR e para a promoción do territorio. Estes

fondos inclúen a achega da Unión Europea, a do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a da Xunta de Galicia.

O grupo contará cunha estrutura técnica que se dedique a un labor de dinamización, mobilización e promoción para aplicar a estratexia deseñada para ese territorio co obxectivo de que xurdan proxectos que se poidan financiar ao abeiro do programa. Será o propio GDR quen se encargue de analizar e valorar os proxectos e, en función diso, o seu órgano directivo asignarlles unha porcentaxe da axuda. A decisión trasladaráselle a Agader que, logo de revisar que a asignación do GDR se axusta á normativa, resolverá a concesión da axuda.

ENFOQUE LEADER

A Unión Europea impulsa o programa Leader (Ligazón Entre as Actividades de Desenvolvemento da Economía Rural) dende o ano 1991, para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural. Deste xeito, os diferentes territorios do rural deixan de ser meros destinatarios destas políticas para converterse nos protagonistas do seu propio desenvolvemento. Trátase dun enfoque de abaixo cara a arriba, xa que a estratexia se define no ámbito local. A capacidade de decisión reside nunha unión de axentes locais (públicos e privados) que desenvolven os proxectos tratando de implicar os diferentes sectores da zona, fomentando a cooperación e o traballo en rede e incorporando a innovación ao seu traballo. Para o éxito deste enfoque é fundamental a implicación da poboación de cada zona xa que é de quen dependen os procesos que se xeren e mais os resultados que se obteñan en cada programa.



Os programas Leader aplicáronse en Galiza durante os períodos 1991-1994, 1994-1999 e 2000-2006. Nos últimos anos engadíronse os programas Proder e Agader -baseados tamén na metodoloxía do Leader- de xeito que se chegou a cubrir todo o rural galego a través de 40 programas locais. Para o novo período 2007-2013 acométese unha reforma en profundidade de acordo co recollido nos seguintes apartados.



NOVO PROGRAMA LEADER DE GALIZA 2007-2013

Construír un novo rural, tarefa de País

Máis información:

Páxina web: <http://agader.xunta.es>

Correo electrónico: area.programas.agader@xunta.es

Teléfono: 981 547 369



Autor fotografías: Jos E. Caruncho



NOVO PROGRAMA LEADER DE GALIZA 2007-2013

Construír un novo rural, tarefa de País





O NOVO PROGRAMA LEADER DE GALIZA 2007-2013

Galiza, como proxecto colectivo de futuro necesita un medio rural perfectamente incardinado nese proxecto. As persoas que viven no medio rural deben obter niveis de renda e beneficiarse de servizos que lles permitan vivir dignamente. Con este fin a Consellaría do Medio Rural elaborou o "Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galiza 2007-2013". O PDR contempla as actuacións en materia de desenvolvemento rural, cofinanciadas con fondos europeos, coas que se pretende realizar un esforzo que nos permita acadar un medio rural sólido e viábel no horizonte de 2013.

O programa Leader é un dos catro eixes estratéxicos destas actuacións xunto coa mellora da viabilidade dos sectores agrario e forestal, a mellora do medio ambiente e a diversificación da economía e a mellora da calidade de vida no rural.



OS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR)

O programa Leader de cada territorio deséñao e execútao un Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR), anteriormente denominados Grupos de Acción Local-GAL-. Trátase dunha asociación constituída por todas as entidades do ámbito económico, social, cultural, veciñal, medioambiental ou profesional que desexen implicarse no programa Leader do seu territorio. As entidades que queiran involucrase no programa constituirán un GDR. Estes grupos funcionan como calquera asociación sen fin de lucro e deben cumprir o principio de "portas abertas" pola que tanto para a súa constitución como posteriormente están obrigadas a admitir a calquera organización do seu territorio que desexe participar no proxecto.

Poderán ser socios dos GDR asociacións de calquera ámbito, cooperativas, comunidades de montes veciñais, organizacións profesionais agrarias,... As persoas físicas e as empresas individuais non poderán formar parte directamente, senón a través de asociacións ou outro tipo de entidades representativas. Nos órganos de decisión dos GDR os representantes do sector privado terán que ser maioría.

CÓMO FUNCIONAN OS GDR?

O GDR elaborará unha estratexia de desenvolvemento comarcal. Nela incluíranse as principais posibilidades, oportunidades e necesidades do seu territorio dende o punto de vista produtivo, económico, dotacional e social. Esta estratexia presentárase á convocatoria do programa para o período 2007-2013, que publicará da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) - ente público xestor do programa Leader en Galiza - no primeiro trimestre de 2008.



PROXECTOS SUBVENCIONABEIS

Para o período 2007-2013 amplíase o abano de posibles tipoloxías de proxectos a incluír na estratexia. Priorízanse os proxectos produtivos con atención dentro deles ás actividades agroalimentarias e forestais innovadoras. Establécese unha maior selectividade nos proxectos non produtivos, centrándose naqueles dirixidos a cubrir as novas necesidades da poboación rural e que respondan a unha visión comarcal.

1. Actuacións de mellora da viabilidade do sector agrario e forestal:

- 1.1. *modernización de explotacións agrarias: proxectos experimentais, recuperación de variedades tradicionais, aplicación das novas tecnoloxías (TIC), novas producións, mellora da eficiencia enerxética da explotación, producións extensivas en áreas sensibles ambientalmente*
- 1.2. *aumento do valor económico do bosque en proxectos singulares nos montes veciñais*
- 1.3. *aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais*
- 1.4. *cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías entre os sectores agrario, alimentario e forestal*

2. Actuacións que melloren o ambiente e o entorno rural:

- 2.1. *investimentos non produtivos en explotacións agrarias*
- 2.2. *investimentos non produtivos en espazos forestais*

3. Actuacións de mellora da calidade de vida no rural e de diversificación da economía rural:

- 3.1. *diversificación cara a actividades non agrarias*
- 3.2. *creación e desenvolvemento de microempresas*
- 3.3. *fomento de actividades turísticas*
- 3.4. *servizos para a economía e a poboación rural*
- 3.5. *renovación de poboacións rurais*
- 3.6. *conservación e mellora do patrimonio natural; proxectos silvopastoris en montes veciñais.*
- 3.7. *formación e información.*

BENEFICIARIOS E CONTÍA DAS SUBVENCIONS

Calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación dun GDR pode solicitar unha subvención. Os promotores non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa Leader. A posibilidade ou non da subvención tamén dependerá do que estableza a normativa (Ex: para os proxectos de natureza económica exclúese ás grandes empresas).

A valoración do GDR determinará a porcentaxe de subvención para cada proxecto, en función dun baremo público e obxectivo. Para os proxectos de natureza produtiva - os que se destinan a producir bens ou prestar servizos orientados ao mercado - non han superar nunca o 50% de axuda pública. Pola contra, os proxectos de natureza non produtiva - os que se destinan á prestación de servizos públicos gratuítos, a dotacións ou a mellorar a calidade de vida no rural - poden chegar a acadar o 100% do financiamento, aínda que como norma xeral o promotor sempre deberá facer algunha achega.

A PARTICIPACIÓN

Para todos os que estean interesados en participar neste Programa Leader, a Consellaría do Medio Rural convocará xuntanzas entre finais de 2007 e principios de 2008 nas que se explicará con detalle o funcionamento do programa. Logo desta fase de difusión, todas as organizacións interesadas implicaranse no proceso constituínte do GDR do novo período.

É importante difundir esta información en cada territorio e ir contactando con todas cantas entidades poidan ter implicación no programa.

